

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

11997 *Real decreto 640/2016, do 9 de decembro, polo que se aproba o Estatuto da Biblioteca Nacional de España.*

A Biblioteca Nacional de España, creada en 1711 por Filipe V como Real Biblioteca Pública, abriu as súas portas ao público o 1 de marzo de 1712. Desde entón permaneceu sempre fiel ao seu principio básico de reunir, catalogar, conservar, difundir e transmitir o patrimonio bibliográfico e documental español.

En 1716, por medio dun privilexio real, decretouse a obriga para os impresores de depositar na Biblioteca un exemplar de todo o que se imprimía en España. Tal privilexio é o antecedente da actual Lei 23/2011, do 29 de xullo, de depósito legal, pola cal os editores da produción cultural, en calquera tipo de soporte, deben depositar un determinado número de exemplares e así converten esta institución no lugar onde se conserva a memoria das diferentes culturas de España e se garante a súa transmisión ás futuras xeracións.

Tal e como recolle a Lei 1/2015, do 24 marzo, reguladora da Biblioteca Nacional de España, a institución desenvolve a súa misión, no momento actual, nun contorno cambiante que obriga a definir un novo modelo de biblioteca baseado na adaptación ás tecnoloxías da información e que, polo tanto, condiciona unha novo enfoque das súas funcións, que afecta os procesos internos e o servizo que presta á cidadanía.

A Biblioteca Nacional de España é o principal centro informativo e documental sobre a cultura escrita, gráfica e audiovisual española e iberoamericana. As súas coleccións inclúen todo tipo de materiais e poñen de manifesto a diversidade e a riqueza deste patrimonio cultural. Unha diversidade e riqueza que abrangue desde antigos códices manuscritos e valiosos incunables, primeiras edicións e libros raros, partituras, discos, xornais, revistas, debuxos, estampas, gravados, fotografías, carteis, mapas, planos, tarxetas postais ou encadernacións antigas, ata os novos soportes audiovisuais e multimedia, ademais doutros materiais. As coleccións dixitais que constitúen a Biblioteca Dixital Hispánica e a Hemeroteca Dixital tamén forman parte do acervo custodiado pola Biblioteca Nacional de España, que é tamén o centro depositario das publicacións en liña e responsable do arquivo da web española.

Tanto a dixitalización das súas coleccións propias como a preservación das publicacións en liña e o arquivo da web española xeran unha gran cantidade de información que debe ser posta á disposición da sociedade para a súa reutilización como medio de enriquecemento cultural, social ou económico. Por outro lado, a Biblioteca Nacional de España exerce un liderado como primeira institución bibliotecaria do país e, polo tanto, debe actuar como centro de referencia para o desenvolvemento de políticas bibliotecarias en relación co patrimonio bibliográfico e documental español.

Así mesmo, ao igual que outras bibliotecas nacionais, esta institución está a desenvolver unha crecente actividade cultural arredor das súas coleccións, o que permite unha maior apertura á cidadanía e facilita o seu coñecemento. Igualmente, realiza un activo labor favorecendo a xeración de coñecemento sobre a cultura española a través do apoio á investigación e participa activamente no ámbito internacional en proxectos de cooperación que supoñen unha importante difusión da cultura española.

Estas funcións determinan a nova misión que cumpre a Biblioteca Nacional de España como unha das grandes institucións culturais do noso país. Esta misión viuse reforzada coa aprobación da Lei 1/2015, do 24 de marzo, reguladora da súa actividade e que determina os seus fins e funcións, así como outras cuestións relativas á consideración administrativa e á organización do organismo en relación coa súa estrutura de xestión, os

seus órganos de goberno e os seus instrumentos de xestión. O obxectivo é dotar a Biblioteca Nacional de España de órganos de goberno colexiados que garantan o cumprimento dos seus fins e funcións, que se deben levar a cabo a través dunha xestión que garanta a máxima eficiencia e reforce o obxectivo que esta institución pública debe cumprir como servizo á sociedade española.

Este real decreto –en cumprimento do mandato contido na disposición derradeira terceira da dita lei, polo cal o Goberno deberá aprobar, o antes posible, o novo estatuto– recolle unha serie de cuestións adaptadas á lei que, baseadas no seu desenvolvemento, teñen como finalidade dotar o organismo dunha maior seguranza xurídica e garantir o cumprimento do mandato contido na súa lei.

Na súa virtude, por proposta conxunta do ministro de Facenda e Función Pública e do ministro de Educación, Cultura e Deporte, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 9 de decembro de 2016,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do estatuto.*

Apróbase o Estatuto do organismo autónomo Biblioteca Nacional de España, cuxo texto se insire a seguir.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango, no que se opoñan ao establecido no presente real decreto e, en particular, o Real decreto 1638/2009, do 30 de outubro, polo que se aproba o Estatuto da Biblioteca Nacional de España.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.28.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en museos, bibliotecas e arquivos de titularidade estatal.

Disposición derradeira segunda. *Non incremento de gasto.*

A posta en marcha das medidas incluídas nesta norma non suporá incremento de dotacións, nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de decembro de 2016.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia
e para as Administracións Territoriais,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

ANEXO

Estatuto da Biblioteca Nacional de España

CAPÍTULO I

Natureza e fins

Artigo 1. *Natureza e réxime xurídico.*

1. A Biblioteca Nacional de España, de conformidade coa Lei 1/2015, do 24 de marzo, reguladora da Biblioteca Nacional de España, é un organismo autónomo dos previstos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, adscrito ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e forma parte do Sistema español de bibliotecas, de acordo co establecido na Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas.

A Biblioteca Nacional de España, como establece a Lei 1/2015, do 24 de marzo, é o centro depositario do patrimonio bibliográfico e documental español que se produce en calquera tipo de soporte ou medio. Ten como misión reunir, catalogar, conservar, incrementar, xestionar, difundir e transmitir, en cumprimento dos seus fins, o patrimonio bibliográfico e documental español e sobre España publicado no estranxeiro, como fonte de coñecemento para toda a sociedade española e internacional, garantindo a súa integridade e facilitando o acceso a el a toda a cidadanía e ás xeracións futuras.

2. A Biblioteca Nacional de España, de conformidade coa Lei 1/2015, do 24 de marzo, ten personalidade xurídica pública diferenciada, patrimonio e tesouraría propios, así como autonomía de xestión, e axustará a súa actuación ao disposto na Lei 1/2015, do 24 de marzo; na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español; na Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas; na Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria; na Lei 23/2011, do 29 de xullo, de depósito legal; no Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, e demais disposicións aplicables aos organismos autónomos.

Artigo 2. *Obxectivos e funcións.*

Son fins esenciais da Biblioteca Nacional de España os seguintes:

1. Reunir, describir e garantir a protección, o enriquecemento, a conservación e a transmisión, no exercicio das súas funcións, do patrimonio bibliográfico e documental, tanto o producido no Estado español como o xerado sobre as súas diferentes culturas. Para conseguir este fin desenvolve as seguintes funcións:

a) Actuar como centro depositario e de conservación da produción cultural española en calquera soporte, incluídos os documentos electrónicos e sitios web, nos termos establecidos pola lexislación sobre o depósito legal, e exercer a alta inspección e o seguimento do seu cumprimento.

b) Catalogar e describir as coleccións físicas e dixitais de tal maneira que queden garantidos o acceso e a recuperación de toda a información sobre o patrimonio bibliográfico e documental.

c) Elaborar a bibliografía do Estado español de maneira que sirva como instrumento de referencia actualizada para o control bibliográfico da produción editorial e a creación de catálogos das súas bibliotecas.

d) Incrementar as súas coleccións, especialmente aquelas de maior valor e significado para o patrimonio bibliográfico e documental.

e) Garantir a preservación e conservación das súas coleccións a través da realización dos plans de preservación necesarios e das medidas de seguranza oportunas.

f) Recoller, preservar e conservar os contidos dixitais sobre as culturas españolas e garantir a súa conservación e accesibilidade con fins económicos, culturais, de investigación ou de información.

2. Garantir o acceso e a difusión das súas coleccións co fin de fomentar a súa utilización, como medio de enriquecemento cultural, social e económico. Para conseguir este fin desenvolve as seguintes funcións:

a) Fomentar a investigación científica e o coñecemento sobre as diferentes culturas do Estado español proporcionando servizos de calidade aos investigadores.

b) Desenvolver unha política activa de dixitalización das súas coleccións para garantir a súa preservación e favorecer a creación da biblioteca dixital do patrimonio bibliográfico e documental do Estado español.

c) Desenvolver unha programación de exposicións e actividades culturais que cumpran co obxectivo de difundir o valor das súas coleccións e achegar a institución á cidadanía.

d) Impulsar e apoiar programas de investigación tendentes á xeración de coñecemento sobre as súas coleccións establecendo espazos de diálogo con centros de investigación e investigadores de todo o mundo.

3. Promover e desenvolver políticas bibliotecarias en relación co patrimonio bibliográfico e documental do Estado español. Para conseguir este fin desenvolve as seguintes funcións:

a) Exercer de centro de referencia no ámbito da normativa técnica bibliotecaria, mediante a súa elaboración e actualización, co obxecto de favorecer os proxectos de cooperación.

b) Participar activamente en foros, federacións, fundacións, colexios, asociacións e outras organizacións profesionais, así como en programas e proxectos, tanto de ámbito nacional como internacional, fundamentalmente aqueles de ámbito europeo e iberoamericano.

c) Fomentar e colaborar en programas de formación vinculados coa profesión bibliotecaria e coas ciencias da documentación.

d) Impulsar e colaborar na creación de catálogos bibliográficos e bases de datos colectivas, así como na unificación de bibliotecas e repositorios dixitais, de tal maneira que contribúa a mellorar o acceso ao patrimonio bibliográfico e documental.

e) Xestionar o *International Standard Serial Number*, número ISSN, que é o número internacional normalizado de publicacións seriadas en España sen prexuízo das competencias que asumisen as comunidades autónomas.

CAPÍTULO II

Organización e estrutura da Biblioteca Nacional de España

Artigo 3. Órganos reitores e consultivos.

1. Como establece a Lei 1/2015, do 24 de marzo, os órganos reitores da Biblioteca Nacional de España son os seguintes:

- a) A Presidencia.
- b) O Real Padroado.
- c) A Dirección da Biblioteca Nacional de España.

2. Os órganos consultivos, de conformidade coa Lei 1/2015, do 24 de marzo, son o Consello de Dirección e o Comité Científico.

Artigo 4. *A Presidencia da Biblioteca Nacional de España.*

1. A Presidencia da Biblioteca Nacional de España, de conformidade coa Lei 1/2015, do 24 de marzo, corresponde a quen sexa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.
2. Como establece a Lei 1/2015, do 24 de marzo, corresponde á Presidencia:
 - a) A alta dirección do organismo.
 - b) A aprobación do plan estratéxico plurianual, o plan anual de obxectivos, a memoria anual de actividades e o anteproxecto de orzamentos do organismo.
 - c) O control de eficacia da xestión do organismo.
 - d) Elevar ao Consello de Ministros proposta de nomeamento da persoa que ocupe a Dirección da Biblioteca Nacional de España, logo de consulta ao Real Padroado a cuxa consideración someterá os criterios que se deberán ter en conta para o nomeamento.
 - e) A convocatoria e a presidencia das reunións a que asista.

Artigo 5. *O Real Padroado da Biblioteca Nacional de España.*

1. O Real Padroado é o órgano reitor colexiado da Biblioteca Nacional de España.
2. A presidencia de honra do Real Padroado corresponde a SS.MM. os reis de España.
3. O Pleno e a Comisión Permanente do Real Padroado son os órganos colexiados do Real Padroado e o presidente e o vicepresidente do Real Padroado son os órganos unipersoais do Real Padroado.
 - a) O Pleno do Real Padroado proporá, entre os vogais por designación, os que ocupen a Presidencia e a Vicepresidencia, que serán nomeados pola persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte por un período de cinco anos.
 - b) A Presidencia do Real Padroado exercerá a representación institucional da Biblioteca Nacional de España e convocará e presidirá o Real Padroado en Pleno e en Comisión Permanente. En caso de empate, o seu voto será dirimente.

En caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, o presidente será substituído polo vicepresidente e, na súa falta, polo vogal nato de maior xerarquía, antigüidade e idade, por esta orde.

Artigo 6. *Composición do Real Padroado.*

1. O pleno do Real Padroado está integrado por trinta vogais, once dos cales terán o carácter de natos, tres deles representantes das bibliotecas das comunidades autónomas, designados rotatoriamente pola Conferencia Sectorial de Cultura entre aquelas que teñan recoñecidas nos seus estatutos as competencias exclusivas en materia de bibliotecas.
2. O resto dos vogais terán o carácter de designados e serán nomeados e separados pola persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte entre persoas de recoñecido prestixio ou competencia no ámbito da cultura, da investigación científica e da economía ou que se distinguisen pola súa colaboración ou apoio á Biblioteca Nacional de España, tendo en conta o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes.
3. O Real Padroado está integrado polos seguintes membros:
 - a) Vogais natos:
 1. A persoa titular da Secretaría de Estado de Cultura.
 2. A persoa titular da Subsecretaría do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.
 3. A persoa titular da Secretaría de Estado para a Sociedade da Información e a Axenda Dixital dependente do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.
 4. A persoa titular da Dirección Xeral de Belas Artes e Patrimonio Cultural.
 5. A persoa titular da Dirección da Biblioteca Nacional de España.

6. A persoa titular da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación dependente do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade.

7. Un representante do Ministerio de Facenda e Función Pública, con rango, ao menos, de subsecretario.

8. Tres vogais representantes das bibliotecas das comunidades autónomas, de conformidade co establecido no número 1 deste artigo.

9. A persoa titular da Presidencia da Fundación Amigos da Biblioteca Nacional de España.

b) Vogais designados:

Os vogais designados serán nomeados e separados nos termos establecidos no número 2 deste artigo. Entre eles poderanse nomear persoas físicas ou representantes das institucións públicas ou privadas que realicen contribucións de calquera natureza á Biblioteca ou ao cumprimento dos seus fins, incluídas as doazóns ou achegas económicas.

Os vogais designados desempeñarán as súas funcións por un período de tres anos contado desde a data dos seus respectivos nomeamentos. O mandato poderá ser renovado, ata dúas veces, por períodos de igual duración. O seu cesamento producirase ao termo do seu mandato ou por renuncia, revogación do mandato, falecemento ou incapacidade.

Artigo 7. *Competencias e funcións do Pleno do Real Padroado.*

1. O Pleno do Real Padroado establecerá os principios de organización e dirección da Biblioteca Nacional de España, determinará as directrices da súa actuación e velará polo seu cumprimento nos termos deste estatuto.

2. Corresponde ao Pleno do Real Padroado:

a) Velar polo cumprimento dos plans aprobados pola Presidencia.

b) Propor ao presidente da Biblioteca Nacional de España, para a súa aprobación, o plan estratéxico plurianual e o plan anual de obxectivos.

c) Propor ao presidente da Biblioteca Nacional de España, para a súa aprobación, a memoria anual de actividades.

d) Propor e impulsar iniciativas de mellora e proxectos de colaboración e innovación que poidan contribuír a alcanzar os fins e obxectivos da institución.

e) Fomentar e impulsar as canles de participación da sociedade como medio de enriquecemento e beneficio mutuos.

f) Propor ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte a iniciación do procedemento de modificación do estatuto e emitir informe sobre aquelas normas propostas por outros órganos da Administración xeral do Estado, en desenvolvemento deste estatuto.

g) Solicitar, a través da persoa titular da Dirección da Biblioteca Nacional de España, calquera información necesaria para avaliar o cumprimento dos obxectivos da Biblioteca Nacional de España e garantir o cumprimento das súas funcións.

h) Propor as distincións honoríficas ás persoas e institucións en recoñecemento polos servizos excepcionais prestados á Biblioteca Nacional de España, especialmente en relación cos bibliotecarios eméritos.

i) Propor ao titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, para a súa aprobación, de ser o caso, polo Consello de Ministros, a participación en sociedades, fundacións ou outras entidades sen ánimo de lucro cuxo obxecto sexa acorde cos fins da Biblioteca Nacional de España, cando sexa necesario ou conveniente para o mellor cumprimento dos seus fins.

j) Ser informado das candidaturas presentadas á Dirección da Biblioteca Nacional de España para os efectos previstos no artigo 9.1 da Lei 1/2015, do 24 de marzo.

3. Os actos e as resolucións do Pleno do Real Padroado, ditados no exercicio das potestades administrativas que ten atribuídas, poñen fin á vía administrativa, de

conformidade co previsto no artigo 114 da de Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 8. *Composición e competencias da Comisión Permanente.*

1. A Comisión Permanente está composta polo presidente e vicepresidente do Real Padroado, a persoa titular da Secretaría de Estado de Cultura ou, na súa falta, a persoa titular do órgano competente designada polo ministro de Educación, Cultura e Deporte para substituílo, as persoas titulares da Subsecretaría de Educación, Cultura e Deporte e da Dirección da Biblioteca Nacional de España e de tres vogais, natos ou por designación, elixidos polo Pleno do Real Padroado.

2. A Comisión Permanente impulsará e supervisará a estratexia e as liñas de actuación da Biblioteca Nacional de España fixadas polo Pleno do Real Padroado, nos termos deste estatuto.

Deberá dar conta ao Pleno do Real Padroado dos acordos adoptados.

3. Corresponde á Comisión Permanente:

a) Impulsar e supervisar a estratexia, os obxectivos e as actuacións fixadas no Pleno do Real Padroado. Para estes efectos realizará as seguintes actuacións:

– Autorizar as adquisicións e a aceptación de donativos de patrimonio bibliográfico e documental para a súa posterior tramitación.

– Acordar a saída de obras que se soliciten para préstamos externos para a súa posterior tramitación pola División Cultural.

– Solicitar ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte autorización para outorgar e levantar os contratos de depósito de exemplares patrimoniais.

– Solicitar a adscrición de bens inmoables e emitir informe sobre os proxectos de obras e as actuacións que se vaian realizar.

– Propor os prezos públicos por prestación de servizos que serán aprobados pola Dirección da Biblioteca Nacional de España nos termos que establece a Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

– Ser informado dos cambios que se produzan na estrutura orgánica e funcional da institución.

– Ser informado dos convenios que se vaian asinar con institucións e organismos públicos e privados.

– Aprobar a proposta de modificación das normas de uso e prestación de servizos.

– Impulsar o desenvolvemento de proxectos investigación en relación co acordado polo Comité Científico.

– Propor a posta en marcha de futuros desenvolvementos normativos.

– Realizar trimestralmente o seguimento dos indicadores de xestión básicos da institución.

b) Elevar á Presidencia a proposta de anteproxecto de orzamento anual elaborada pola Dirección da Biblioteca Nacional de España, ser informada da execución do orzamento e aprobar as contas anuais do organismo.

c) Impulsar e establecer os proxectos de colaboración e cooperación, especialmente con bibliotecas españolas, en relación cos fins e obxectivos da Biblioteca Nacional de España.

d) Elevar ao Pleno do Real Padroado aqueles asuntos que considere de interese.

e) Establecer a estratexia de colaboración da Biblioteca Nacional de España no ámbito internacional, especialmente con Iberoamérica.

f) Asumir calquera outra función que lle sexa asignada polo Pleno do Real Padroado.

Artigo 9. *Funcionamento do Pleno, da Comisión Permanente e dos grupos de traballo do Real Padroado.*

1. As sesións do Pleno e da Comisión Permanente do Real Padroado son ordinarias e extraordinarias.

O calendario de reunións ordinarias do Pleno e da Comisión Permanente do Real Padroado será acordado por estes órganos.

2. As sesións ordinarias do Pleno do Real Padroado terán lugar, polo menos, dúas veces ao ano, e as extraordinarias celebraranse as veces que resulte necesario.

As sesións celebraranse, ademais de na forma prevista na letra e do número 2 do artigo 4, logo de convocatoria do presidente do Real Padroado, por propia iniciativa, ou por solicitude da terceira parte dos seus vogais, da persoa titular da Secretaría de Estado de Cultura ou, na súa falta, da persoa titular do órgano competente designada polo ministro de Educación, Cultura e Deporte para substituílo, ou da persoa titular da Dirección da Biblioteca Nacional de España.

3. A Comisión Permanente reunirse en sesión ordinaria ao menos cada tres meses e en sesión extraordinaria as veces que resulte necesario.

As sesións celebraranse, logo de convocatoria do presidente do Real Padroado, por propia iniciativa, ou por solicitude da persoa titular da Dirección da Biblioteca Nacional de España.

4. O Pleno do Real Padroado poderá constituír grupos de traballo, con funcións de asesoramento, para asuntos determinados de especial interese, compostos por membros do Pleno do Real Padroado.

5. O Pleno, a Comisión Permanente e os grupos de traballo do Real Padroado poderán acordar a asistencia ás súas sesións, con funcións exclusivamente de asesoramento, de directivos e expertos tanto do cadro de persoal da Biblioteca Nacional de España como externos, cuxa presenza sexa necesaria en relación coa súa especial cualificación e cos asuntos que se vaian tratar.

6. Existirá unha Secretaría do Real Padroado que prestará o seu apoio ao Pleno e á Comisión Permanente do Real Padroado, así como aos grupos de traballo que, se é o caso, se creen.

O Pleno do Real Padroado, por proposta da Dirección da Biblioteca Nacional de España, designará a persoa titular da Secretaría do Real Padroado, que será funcionario da Biblioteca Nacional de España e non terá a condición de membro do Padroado.

7. No non previsto sobre o funcionamento dos órganos do Real Padroado aplicarase o establecido sobre órganos colexiados nos artigos 15 a 22 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Artigo 10. *Dirección da Biblioteca Nacional de España.*

1. A persoa que ocupe a Dirección da Biblioteca Nacional de España, que terá categoría de director xeral, será nomeada e separada por real decreto acordado en Consello de Ministros, por proposta de quen sexa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, entre funcionarios de carreira pertencentes a corpos ou escalas do subgrupo A1, atendendo a criterios de competencia profesional e experiencia en relación cos fins e obxectivos da Biblioteca Nacional de España.

Para tales efectos, acudirase a un sistema de preselección que garanta a publicidade e concorrencia, e que asegure a participación do Real Padroado, co asesoramento de profesionais do ámbito bibliotecario e documental. A súa designación atenderá aos principios de igualdade, mérito, capacidade e idoneidade.

2. Funcións da Dirección da Biblioteca Nacional de España:

a) Dirixir e coordinar a xestión da Biblioteca Nacional de España, adoptando as medidas que conduzan ao cumprimento das directrices de actuación sinaladas polo Real Padroado de acordo cos plans estratéxicos, cos obxectivos que se pretenden alcanzar e

coas actuacións que se vaian realizar, e as medidas necesarias para a consecución dos fins e obxectivos da institución.

b) Exercer a representación oficial do organismo, sen prexuízo das competencias do presidente e do presidente do Real Padroado.

c) Elevar ao Pleno do Real Padroado a proposta do plan estratéxico plurianual e o plan anual de obxectivos para a súa posterior tramitación.

d) Elevar ao Pleno do Real Padroado a memoria anual de actividades da Biblioteca Nacional de España, para a súa posterior tramitación.

e) Elaborar a proposta de anteproxecto de orzamento anual, elevar á Comisión Permanente as contas anuais do organismo e executar o orzamento.

f) Elevar ao Real Padroado, para o seu informe, o programa anual de proxectos en relación co apoio á investigación e á docencia, así como a programación de actividades que faciliten un maior coñecemento da institución.

g) Subscribir, no ámbito das súas competencias, os acordos de cooperación e colaboración con bibliotecas, institucións ou organismos bibliotecarios de investigación, tanto nacionais como internacionais, para o desenvolvemento de proxectos de innovación e mellora.

h) Dispor e xestionar os recursos da Biblioteca Nacional de España de tal maneira que se garanta o cumprimento dos seus fins e funcións.

i) Realizar en nome do organismo a contratación, a disposición de gastos e a ordenación de pagamentos necesarios para a execución do orzamento.

j) Formular as contas anuais e render ao Tribunal de Contas, a través da Intervención Xeral da Administración do Estado, as aprobadas pola Comisión Permanente.

k) Propor a determinación e modificación da estrutura orgánica e funcional da Biblioteca Nacional de España, así como do seu cadro de persoal, sen prexuízo das competencias do Ministerio de Facenda e Función Pública e do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

l) Difundir, impulsar e adoptar as medidas necesarias para a execución dos acordos do Real Padroado.

m) Adoptar as medidas necesarias para a protección do patrimonio da Biblioteca Nacional de España, sen prexuízo do preceptuado na lexislación sobre o patrimonio histórico español.

n) Asegurar o cumprimento dos acordos adoptados polo Real Padroado en relación co regulamento e coas normas de utilización dos servizos da Biblioteca Nacional de España.

o) Elaborar as disposicións reguladoras do funcionamento interno da Biblioteca Nacional de España e a prestación de servizos, así como as propostas normativas que afecten o ámbito competencial da Biblioteca Nacional de España.

p) Garantir a transparencia na xestión e no uso eficiente dos recursos públicos asignados á Biblioteca Nacional de España.

q) Exercer as funcións enumeradas nos artigos 16 e 17, para cuxo desenvolvemento contará coa colaboración da División de Procesos e Servizos Dixitais e a División Cultural.

3. En caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, será substituído, por esta orde, pola persoa titular da Xerencia e da Dirección Técnica.

4. Os actos e resolucións da Dirección da Biblioteca Nacional de España, ditados no exercicio das súas potestades administrativas atribuídas, poñen fin á vía administrativa, de conformidade co previsto no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 11. O Comité Científico.

1. O Comité Científico asesorará a Biblioteca Nacional de España na participación de programas e proxectos de investigación, tanto nacionais coma internacionais, en relación cos fins e obxectivos da institución.

2. Os programas e proxectos estarán destinados tanto a proporcionar un mellor e maior coñecemento sobre as coleccións conservadas como á innovación tecnolóxica, encamiñados a proporcionar unha mellora nos servizos e un maior aproveitamento da información xerada pola Biblioteca Nacional de España.

3. O Comité Científico estará composto por dez membros, dos cales sete serán designados, por un período de cinco anos, pola Comisión Permanente entre persoas pertencentes a universidades e centros de investigación, nacionais ou internacionais, atendendo a criterios de competencia profesional e experiencia en relación cos fins e obxectivos da Biblioteca Nacional de España. O seu cesamento producirase ao termo do seu mandato ou por renuncia, revogación do mandato realizada pola Comisión Permanente, falecemento ou incapacidade.

Como membros natos pertencerán a este comité as persoas titulares da Dirección da Biblioteca Nacional de España, a Dirección Técnica e a División de Procesos e Servizos Dixitais do organismo.

O Comité Científico designará a persoa titular da Secretaría, que será funcionario da Biblioteca Nacional de España e non terá a condición de membro do Comité Científico.

4. No non previsto sobre o funcionamento do Comité Científico aplicarase o establecido, en materia de órganos colexiados, nos artigos 15 a 22 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Artigo 12. *O Consello de Dirección.*

1. O Consello de Dirección é o órgano responsable de asesorar a Dirección da Biblioteca Nacional de España no exercicio das súas funcións.

2. Estará formado polas persoas titulares da Dirección da Biblioteca Nacional de España, a Dirección Técnica, a Xerencia, a División Cultural, a División de Procesos e Servizos Dixitais, as xefaturas de área e as direccións de departamento. O Consello de Dirección, por proposta da Dirección da Biblioteca Nacional de España, designará o secretario do organismo de entre os membros do Consello de Dirección.

O Consello de Dirección reunirse, logo de convocatoria da Dirección da Biblioteca Nacional de España, ao menos, unha vez ao mes.

3. A Dirección da Biblioteca Nacional de España poderá convocar ás sesións do Consello de Dirección o persoal ao servizo da Biblioteca Nacional de España, cando entenda que deba ser oído en relación con algún dos asuntos que sexan obxecto de exame na correspondente sesión e sempre que non puidese manifestar o seu parecer a través do correspondente informe.

4. No non previsto sobre o funcionamento do Consello de Dirección aplicarase o establecido nos artigos 15 a 22 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

CAPÍTULO III

Estrutura administrativa e funcional

Artigo 13. *Estrutura administrativa.*

1. Da Dirección da Biblioteca Nacional de España dependen directamente as seguintes unidades orgánicas con rango de Subdirección Xeral:

- a) A Xerencia.
- b) A Dirección Técnica.

2. Así mesmo, dependen da Dirección da Biblioteca Nacional de España, co rango que se determine na correspondente relación de postos de traballo:

- a) A División de Procesos e Servizos Dixitais.
- b) A División Cultural.

Artigo 14. *A Xerencia.*

Corresponde á Xerencia:

- a) A dirección das unidades e recursos que lle estean adscritos, asegurando o seu adecuado funcionamento e o cumprimento dos fins e obxectivos que lles estean encomendados.
- b) A proposta de ordenación dos postos de traballo do organismo, a tramitación da provisión de postos, a selección do persoal e a súa función.
- c) A acción social e as relacións cos órganos representativos do persoal, colaborando no proceso electoral dos seus representantes, e a prevención de riscos profesionais.
- d) A administración do persoal e o seu réxime xurídico, tramitando os oportunos expedientes sobre situacións, permisos, disciplinarios, mantemento do rexistro e proposta de resolucións dos recursos.
- e) A xestión patrimonial, inventario dos bens propios ou adscritos, previsión de necesidades, tramitación dos expedientes relativos a arrendamentos, permutas, adquisicións, así como o resto de expedientes de contido económico.
- f) A tramitación dos expedientes de contratación administrativa e relacións e coordinación cos órganos partícipes nos procesos de contratación.
- g) O mantemento e a conservación das instalacións e equipamentos, elaboración dos proxectos e documentación técnica dos expedientes de obras.
- h) Os servizos xerais de réxime interior, comunicacións, intendencia, seguranza, rexistro xeral e información ao público.
- i) A tramitación dos expedientes de pagamento de ingresos, previsións de tesouraría, xestión e xustificación das contas en entidades de crédito e libramento de fondos que hai que xustificar.
- j) A elaboración dos anteprojectos de orzamento e dos programas.
- k) A elaboración das contas anuais que se deben render ao Tribunal de Contas a través da Intervención Xeral da Administración do Estado.
- l) Exercer cantas outras funcións lle sexan encomendadas pola Dirección da Biblioteca Nacional de España.

Artigo 15. *A Dirección Técnica.*

Corresponde á Dirección Técnica:

- a) A dirección das unidades e recursos que lle correspondan, asegurando o seu adecuado funcionamento e o cumprimento dos fins que lles estean encomendados.
- b) A identificación, organización e xestión de todos os documentos conservados na Biblioteca Nacional de España e a súa incorporación ao catálogo en liña para garantir o acceso ás súas coleccións e facilitar o seu estudo aos investigadores.
- c) A elaboración da bibliografía española de maneira que sirva como instrumento de referencia actualizada para o control bibliográfico da produción editorial e a creación de catálogos das súas bibliotecas.
- d) A execución da política de adquisicións, a través da xestión dos ingresos por depósito legal, compra, troca e donativo, que incrementa e completa a colección bibliográfica patrimonial nacional.
- e) A garantía da preservación e conservación das súas coleccións a través da realización dos plans de preservación necesarios e das medidas de seguranza oportunas.
- f) A realización, elaboración e actualización da normativa técnica bibliotecaria, en relación co proceso técnico e a preservación das coleccións.
- g) A participación en proxectos e grupos de traballo de ámbito nacional e internacional dirixidos á promoción da investigación e desenvolvemento de estándares e normativa no ámbito da biblioteconomía e de servizos en liña de valor engadido ao usuario.
- h) A planificación e organización dos servizos aos usuarios: consulta en sala, préstamo interbibliotecario, información bibliográfica e reprografía.

i) O impulso e apoio de programas de investigación tendentes á xeración de coñecemento sobre as súas coleccións, a coordinación do seu desenvolvemento e execución e o establecemento de espazos de diálogos con centros de investigación e investigadores de todo o mundo.

Artigo 16. *A División de Procesos e Servizos Dixitais.*

Corresponde á División de Procesos e Servizos Dixitais colaborar coa Dirección da Biblioteca Nacional de España no desenvolvemento das seguintes funcións:

- a) Dirixir as unidades e recursos que lle estean adscritos, asegurando o seu adecuado funcionamento e o cumprimento dos fins que lles estean encomendados.
- b) Planificar e xestionar os medios e sistemas que garantan o acceso aos recursos de información da Biblioteca Nacional de España.
- c) Coordinar e xestionar as tarefas relacionadas co depósito legal de publicacións en liña.
- d) Garantir a reutilización da información xerada pola Biblioteca Nacional de España, especialmente a información bibliográfica e os contidos dixitais.
- e) Xestionar os procesos de dixitalización das coleccións da Biblioteca Nacional de España.
- f) Implantar medidas que aseguren o acceso a longo prazo ás coleccións dixitais da Biblioteca Nacional de España, en colaboración co persoal con funcións en materia de coordinación informática.
- g) Garantir, en coordinación co persoal con funcións en materia de comunicación, o acceso á información xerada pola Biblioteca Nacional de España, tanto a través dos sistemas de xestión de información como das canles corporativas.
- h) Participar na estratexia de comunicación interna e externa da Biblioteca Nacional de España a través da web e dos medios sociais, especialmente no referido á difusión das coleccións dixitais.
- i) Participar e liderar proxectos de desenvolvemento, tanto nacionais como internacionais, encamiñados a mellorar o acceso e uso da información xerada pola Biblioteca Nacional de España, así como ao desenvolvemento de estándares e normativa no ámbito das tecnoloxías da información aplicadas ás bibliotecas.
- j) Impulsar e colaborar en proxectos de investigación destinados ao coñecemento das coleccións da Biblioteca Nacional de España ou ao desenvolvemento de proxectos de innovación tecnolóxica.

Artigo 17. *A División Cultural.*

Corresponde á División Cultural colaborar coa Dirección da Biblioteca Nacional de España no desenvolvemento das seguintes funcións:

- a) A dirección das unidades e recursos que lle correspondan, asegurando o seu adecuado funcionamento e o cumprimento dos fins que lles estean encomendados.
- b) A proposta, deseño, coordinación e execución de calquera actividade cultural desenvolvida na Biblioteca Nacional de España.
- c) A proposta, deseño e realización dun plan editorial que sirva para dar a coñecer a riqueza das coleccións depositadas na Biblioteca Nacional de España, o funcionamento dos seus servizos e as actividades culturais, así como calquera outro tipo de publicación que contribúa á consecución dos fins propios da Biblioteca Nacional de España.
- d) A dirección do Museo da Biblioteca Nacional de España e a planificación e execución das actividades que nel se realizan, con obxecto de fomentar a función educativa e cultural da Biblioteca Nacional de España.
- e) A programación, planificación, xestión e realización das exposicións e mostras bibliográficas ou de calquera outro carácter que se celebran na Biblioteca Nacional de España.

f) A recepción, tramitación, xestión e resolución, á vista dos informes emitidos polos distintos departamentos, das solicitudes de préstamos temporais de obras custodiadas na Biblioteca Nacional de España, realizadas por outras institucións.

g) A posta en marcha de proxectos encamiñados a fomentar a función educativa da Biblioteca Nacional de España.

h) A documentación, control, información e difusión dos bens non incluídos no catálogo da Biblioteca Nacional de España, que forman parte do patrimonio histórico-artístico da institución, como cadros, esculturas, mobiliario e maquinaria antiga, instrumentos musicais e outros obxectos de artes aplicadas e arqueoloxía industrial.

CAPÍTULO IV

Réxime de persoal

Artigo 18. *Persoal da Biblioteca Nacional de España.*

Como establece a Lei 1/2015, do 24 de marzo, de conformidade co establecido no artigo 100 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o persoal ao servizo da Biblioteca Nacional de España terá a consideración de empregado público con suxeición ao texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, e demais normas concordantes.

Deste modo, con carácter xeral, os postos de traballo serán desempeñados por persoal funcionario de carreira. Así mesmo, as relacións de postos de traballo indicarán os postos que, de ser o caso, tamén poderán ser desempeñados por persoal laboral. En todo caso, a relación de postos de traballo terá en conta o establecido no artigo 9.2 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

Artigo 19. *Incompatibilidades.*

O persoal ao servizo da Biblioteca Nacional de España, de conformidade coa Lei 1/2015, do 24 de marzo, estará suxeito ao réxime de incompatibilidades establecido con carácter xeral para o persoal ao servizo das administracións públicas.

CAPÍTULO V

Réxime patrimonial

Artigo 20. *Réxime patrimonial.*

1. De conformidade coa Lei 1/2015, do 24 de marzo, a Biblioteca Nacional de España terá, para o cumprimento dos seus fins, un patrimonio propio, distinto ao da Administración xeral do Estado, integrado polo conxunto de bens e dereitos dos cales é titular.

2. Así mesmo, como establece a Lei 1/2015, do 24 de marzo, quedarán adscritos ao organismo para o cumprimento dos seus fins os bens do patrimonio do Estado que acorde o órgano correspondente.

Artigo 21. *Bens propios.*

1. A Biblioteca Nacional de España poderá adquirir toda clase de bens e dereitos por calquera dos modos admitidos en dereito.

A adquisición de bens inmobles ou de dereitos sobre eles requirirá o informe favorable previo do Ministerio de Facenda e Función Pública.

2. A Biblioteca Nacional de España, nas súas relacións patrimoniais que teñan por obxecto bens de carácter patrimonial de titularidade do organismo, quedará suxeita ao dereito privado, sen prexuízo das limitacións derivadas da aplicación, de ser o caso,

da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, e da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

3. De conformidade coa Lei 1/2015, do 24 de marzo, a xestión e administración dos bens e dereitos propios serán exercidas de acordo co sinalado neste estatuto, con suxeición en todo caso ao establecido para os organismos públicos na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

4. Como establece a Lei 1/2015, do 24 de marzo, aqueles bens de interese cultural que formen parte do patrimonio da Biblioteca Nacional de España, sexan mobles ou inmoables, someteranse ao réxime especial de protección e tutela establecido na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

Artigo 22. *Bens adscritos.*

1. A adscrición e desadscrición de bens por parte da Administración xeral do Estado rexeráse pola Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas. Aqueles conservarán a súa cualificación e titularidade xurídica orixinaria e corresponderá á Biblioteca Nacional de España a súa utilización, conservación, administración e cantas prerrogativas referentes ao dominio público e aos bens patrimoniais do Estado se encontren legalmente establecidas.

2. Os bens mobles e inmoables do patrimonio do Estado adscritos á Biblioteca Nacional de España rexeráse pola Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas e, no caso de se tratar de bens do patrimonio histórico español, tamén pola Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, así como polas normas ditadas en desenvolvemento de ambas as leis.

3. O establecido nos números 3 e 4 do artigo anterior será aplicable tamén respecto aos bens adscritos.

CAPÍTULO VI

Réxime de contratación, orzamento e económico-financeiro

Artigo 23. *Réxime de contratación.*

De conformidade coa Lei 1/2015, do 24 de marzo, o réxime de contratación da Biblioteca Nacional de España rexeráse polo disposto na lexislación de contratos do sector público para as administracións públicas.

Artigo 24. *Recursos económicos.*

1. De conformidade coa Lei 1/2015, do 24 de marzo, os recursos económicos da Biblioteca Nacional de España poderán provir das seguintes fontes:

- a) Dos bens e valores que constitúen o seu patrimonio.
- b) Dos produtos e das rendas do dito patrimonio.
- c) Das consignacións específicas que teña asignadas nos orzamentos xerais do Estado.
- d) Das transferencias correntes ou de capital que procedan das administracións ou entidades públicas.
- e) Dos ingresos ordinarios e extraordinarios, xa sexan de dereito público ou privado que, segundo as disposicións polas cales se rexe, a Biblioteca Nacional de España estea autorizada a percibir e, en particular, os que procedan da venda de publicacións en calquera medio ou soporte e doutra clase de obxectos, da realización de cursos, xornadas e seminarios, convenios de cooperación e das actividades propias deste organismo como o préstamo interbibliotecario, a reprodución de documentos, as buscas bibliográficas delegadas, a difusión selectiva da información, ou calquera outra actividade ou servizo relacionados coas funcións do organismo.

f) Das subvencións, achegas voluntarias, doazóns, herdanzas, legados e outras achegas de entidades privadas e de particulares.

g) Dos ingresos recibidos de persoas físicas ou xurídicas como consecuencia do mecenado, do patrocinio de actividades ou instalacións.

h) De calquera outro recurso que lle poida ser atribuído.

2. Os recursos especificados no número anterior, con excepción dos sinalados nas alíneas c) e d), constituirán os recursos propios do organismo.

3. Como establece a Lei 1/2015, do 24 de marzo, o Real Padroado da Biblioteca Nacional de España realizará un labor activo de captación de recursos propios, especialmente os derivados das achegas a título gratuíto de entidades privadas e de particulares e dos ingresos recibidos como consecuencia do patrocinio de instalacións.

Artigo 25. *Ingreso por actividades propias e cesión de espazos.*

1. Os ingresos da Biblioteca Nacional de España derivados das súas actividades propias terán a natureza de taxas ou prezos públicos, ao abeiro do disposto na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

O establecemento ou a modificación da contía dos prezos públicos serán realizados pola Biblioteca Nacional de España, logo de autorización do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

2. Os ingresos procedentes da utilización ou cesión de espazos dos inmobles, propios ou adscritos, que estean cualificados como demaniais, teñen a natureza de taxa e regúlanse no capítulo VI do título I da Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público. A determinación da contía ou a súa modificación faranse a través de orde ministerial.

3. A Biblioteca Nacional de España levará a cabo a xestión e a recadación dos prezos e das taxas, que ingresará no seu patrimonio.

4. Serán ingresos de dereito privado os demais que perciba a Biblioteca Nacional de España pola prestación de servizos ou a realización de actividades que, de acordo coa lei, non teñan natureza tributaria, non constitúan prezos públicos e non deriven do exercicio de potestades administrativas.

5. A regulación dos ingresos por actividades propias e cesión de espazos que se contén nos números anteriores é a establecida na Lei 1/2015, do 24 de marzo.

Artigo 26. *Participación en sociedades e fundacións.*

1. De conformidade coa Lei 1/2015, do 24 de marzo, cando sexa necesario para a consecución dos fins que ten asignados, a Biblioteca Nacional de España poderá participar en sociedades, fundacións ou outras entidades sen ánimo de lucro cuxo obxecto sexa acorde cos fins da Biblioteca Nacional de España, nos termos establecidos pola lexislación vixente.

Esta participación será autorizada polo Pleno do Real Padroado, por proposta da Dirección da Biblioteca Nacional de España.

2. Como establece a Lei 1/2015, do 24 de marzo, corresponderá ao Consello de Ministros, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas e por iniciativa da persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, tras a aprobación do Real Padroado da Biblioteca Nacional de España, autorizar os actos de adquisición de títulos representativos do capital de sociedades mercantís, sexa por subscripción ou compra, no caso de que a autorización do Consello de Ministros non resulte preceptiva conforme o disposto na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

Artigo 27. *Réxime orzamentario.*

De conformidade coa Lei 1/2015, do 24 de marzo, a Biblioteca Nacional de España elaborará anualmente un anteproxecto de orzamento e remitirao ao Ministerio de

Educación, Cultura e Deporte para a súa posterior tramitación, de acordo co previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Artigo 28. *Control económico-financeiro.*

Sen prexuízo das competencias de fiscalización atribuídas ao Tribunal de Contas, a Biblioteca Nacional de España estará sometida ao control interno da súa xestión económico-financeira, que será exercido pola Intervención Xeral da Administración do Estado, a través da Intervención Delegada nela nas condicións e nos termos que establece a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, para os organismos autónomos.

Artigo 29. *Contabilidade.*

De conformidade coa Lei 1/2015, do 24 de marzo, a Biblioteca Nacional de España estará sometida ao Plan xeral de contabilidade pública, de acordo co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Disposición adicional primeira. *Utilización das distintas linguas oficiais do Estado.*

De conformidade coa Lei 1/2015, do 24 de marzo, atendendo á esencia da Biblioteca Nacional de España como referente cultural de alcance internacional, e co fin de contribuír á difusión e normalización do patrimonio plurilingüe do Estado español, nos materiais editados por este organismo, así como na información inherente á obra exposta e aquela que se ofrece aos visitantes, promoverase o uso das distintas linguas oficiais do Estado. Prestaráselle unha especial atención á edición en linguas cooficiais dos materiais en formato electrónico.

Disposición adicional segunda. *Accesibilidade das persoas con discapacidade.*

De conformidade coa Lei 1/2015, do 24 de marzo, de acordo coa lexislación sectorial aplicable, as instalacións e os servizos prestados pola Biblioteca Nacional de España serán accesibles ás persoas con discapacidade, que constituirán un grupo social de especial referencia para a actuación deste organismo.